

«Ós 14 anos pedinlle a Papá Noel unha máquina de soldar en vez dun volante para a Play»



LUCÍA REY
VIVEIRO / LA VOZ



Con 19 anos, Mateo Rubal Fanego, alumno de FP do IES María Sarmiento de Viveiro que acaba de ser elixido como mellor soldador de España, estuda un ciclo superior, traballa nunha auxiliar de Alcoa e é patrón de remo

29 mar 2022 . Actualizado a las 13:58 h.

A experiencia de **Mateo Rubal Fanego** (Viveiro, 2003) pon patas arriba moitos dos estereotipos que existen sobre a xuventude. Con 19 anos recién cumpridos, acaba de ser elixido mellor soldador de España nos Spain Skills, un certame a nivel nacional impulsado polo Ministerio de Educación y Formación

Profesional para poñer en valor a calidade da FP, e ó que Mateo accedeu tras **completar o ciclo medio de Soldadura no IES María Sarmiento de Viveiro**, e **gañar a fase galega** do concurso a finais do ano pasado. Nas instalacións do Ifema, en Madrid, a pasada fin de semana competiu con 14 alumnos doutras tantas autonomías. «Foi unha experiencia moi boa, moi positiva», relata un rapaz que desde neno tivo claro que o mundo dos metais, as fusións e as pezas era o seu.

«O 26 de decembro do 2017 foi o primeiro eléctrodo que queimen na casa. E gustoume tanto que empecei a ver vídeos en Internet para ir aprendendo», sinala o rapaz. Unha anécdota infantil proba esa paixón: «Ós 14 anos dubidaba entre pedirlle a Papa Noel un volante para a Play [vídeo consola Playstation] ou unha máquina de soldar, e **pedín a máquina de soldar**». Cando rematou a ESO, tampouco tivo dúbidas e matriculouse no ciclo medio de Soldadura do María Sarmiento. Ó rematalo, fixo as **prácticas en Rodabell**, auxiliar de Alcoa en San Cibrao, e alí **segue traballando**. «Fun a Rodabell porque mo recomendou un amigo de meu pai, e estou encantando, aprendendo moitísimo. Fixen dous meses de prácticas e ó acabar preguntáronme se quería quedar no taller de caldeirería, e alí estou. Confiaron en min e, de feito, moitas das cousas que fixen no concurso son aplicacións do que fago na empresa», comenta Mateo, que ademais **curso a distancia un ciclo superior de Estruturas Metálicas**, é **patrón no club de remo** de Celeiro e un **apaixonado dos coches**.

Pensa que a **vocación** de soldador lle pode vir en parte por **seu avó Orencio**, falecido hai días. «**Carretaba bauxita** nos camións e sempre anaba fedellando», sorrí un rapaz que quede agradecer expresamente a axuda de quen foi o seu titor no segundo curso do ciclo, e que coordinou a súa participación no certame, o profesor Eliseo Maseda Iglesias. E tamén a Truman, soldador moi coñecido en Viveiro. «Foi quen me deu a primeira chatarra e a primeira caixiña de eléctrodos para practicar na casa», indica Rubal, que completou o ciclo medio con matrícula de honra, cunha media de 9,64. De cara ó futuro, gustaríalle ter a súa propia empresa «para facer de todo».